

**1** Le o seguinte texto con atención.

Este era un oso que traballaba nun circo. O seu número consistía en pilotar unha motocicleta. En certa ocasión o circo montou a carpa nos arredores dunha vila, preto dun bosque. O oso descubriu no tronco dunha árbore un panal de mel. Meteu a pouta para sacar o manxar e miles de abellas saíron zumbando encolezadas. Mais as abellas non deron picado o oso, porque escapou a fume de carozo montado na súa motocicleta.

(Carlos López. «Minimaladas»)

**2** Responde.

Onde traballa o oso?

En que consiste o seu traballo?

**3** Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

O oso descubriu unha colmea nun tronco.

Quixo quitarlles o mel ás abellas.

As abellas saíron zumbando porque lle tiñan medo.

O oso quedou no bosque comendo o mel.